

Resolución do 13 de febreiro de 2022 do tribunal designado pola Resolución do 26 de novembro de 2021 (DOG núm. 231 do 1 de decembro) para cualificar o proceso selectivo unitario para o acceso e ingreso nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía, quendas de acceso libre e concurso, convocado pola Orde do 5 de outubro de 2021 (DOG núm. 204 do 22 de outubro) pola que se lle da publicidade a diversos acordos

Na sesión que tivo lugar o día 13 de febreiro de 2022, o tribunal designado pola Resolución do 26 de novembro de 2021 (DOG núm. 231 do 1 de decembro) para cualificar o proceso selectivo unitario para o acceso e ingreso nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía, quendas de acceso libre e concurso, convocado pola Orde do 5 de outubro de 2021 (DOG núm. 204 do 22 de outubro), de conformidade co disposto nas bases da convocatoria adoptou os seguintes acordos:

PRIMEIRO. Publicar, como Anexo I a esta Resolución, a listaxe de persoas aspirantes pola quenda de acceso libre que resultaron aptas no terceiro exercicio, probas de aptitude física, seguindo un criterio alfabético.

Publicar como Anexo II as cualificacións e tempos realizados por todas as persoas aspirantes da quenda de acceso libre que realizaron o terceiro exercicio.

SEGUNDO. Conforme ao establecido nas bases da convocatoria, as cualificacións obtidas polos aspirantes nos exercicios da oposición publicaranse na páxina web da Agasp, e será concedido un prazo de cinco (5) días hábiles a efectos de alegacións, que se contarán a partir da publicación da resolución do tribunal pola que se publican as puntuacións do correspondente exercicio.

A Estrada, 13 de febreiro de 2022

A Presidenta suplente do Tribunal

María Rey Rivera

